

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO ABERTO MULTICRITERIO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PEDAGOXICO “TEATRO COMUNITARIO” NOS CENTROS SOCIOCULTURAIIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.- ANTECEDENTES

O Concello de Santiago de Compostela dispón dunha rede de centro socioculturais que forman un entramado de espazos para o desenvolvemento de actuacións dirixidas á promoción, á dinamización e á estimulación sociocultural. Son equipamentos abertos á cidadanía, de proximidade aos barrios e ás parroquias e acollen proxectos tanto promovidos pola propia administración local como de entidades do terceiro sector.

O Teatro, como contido e recurso educativo é desde hai mais de 25 anos un eixo vertebrador sobre o que xira o encontro e o fomento das relacións intercomunitarias, interpersoais e en xeral o desenvolvemento da persoa como axente activo e produtor de cultura.

Logo de experiencias diversas, o departamento de centros socioculturais quere afondar un pouco mais cun proxecto novidoso que vimos en denominar Teatro Comunitario, que dea un marco pedagóxico global ás experiencias de achegamento ao mundo do teatro para grupos de persoas interesadas que participen desde distintos barrios en accións singulares de grupos de experiencia teatral.

Esta experiencia serverá de base tamén para obter un fondo documental da andaina do achegamento ao teatro que desenvolven os centros socioculturais desde hai xa mais de 25 anos e pretende poñer en valor tamén á participación e os espazos teatrais propios dos centros e da cidade, achegandoos a todos/as.

2.- OXECTO DO PREGO

2.1 É obxecto deste prego a regulamentación das condicións técnicas que han de servir de base para a contratación do servizo consistente no desenvolvemento do proxecto pedagóxico “Teatro comunitario” nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

2.2 O presente prego de prescricións técnicas xunto co prego de cláusulas administrativas particulares, forma parte do presente contrato, sendo o seu clausulado de obrigado cumprimento para as entidades licitadoras no marco da elaboración das súas propostas técnicas, así como para as entidades adxudicatarias durante a execución do contrato. No non previsto no presente prego, estarase ao establecido nas normas reguladoras propias do departamento de centros socioculturais.

3.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente prego a contratación do servizo de desenvolvemento do proxecto pedagóxico "Teatro comunitario" na rede de centros socioculturais de Santiago de Compostela.

Este contrato contemplará a xestión dos diferentes grupos de teatro comunitario que se formulan na prestación, concebidos dun modo cada un singular mais atendendo á visión global da experiencia, así como a dinamización correspondente nos horarios establecidos e a prestación dos servizos de asistencia técnica especializada para a execución do proxecto.

Ademais a empresa adxudicataria debe nomear un/a coordinador/a técnico/a responsable que sirva de interlocutor/a entre o persoal municipal e o propio servizo.

4.- OBXECTIVOS DO SERVIZO

- Atención directa: dinamización dos grupos e acompañamento pedagóxico.
- Promoción da formación e coñecemento das técnicas de expresión e interpretación básicas:
 - Promoción da formación integral dos asistentes, a divulgación do teatro en galego así como o valor da dramaturxia como experiencia pedagóxica e de achegamento popular ao mundo escénico.
 - Propiciar experiencias de intercambio, relacionais entre os grupos participantes no proxecto.
 - Obter un arquivo documental da experiencia dos grupos de teatro nos centros socioculturais.
 - Detectar as necesidades dos equipamentos para superar as feblezas actuais en torno aos espazos escénicos.

5.- CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

5.1. LUGAR DE EXECUCIÓN

O contrato desenvolverase nos centros socioculturais e para accións puntuais noutros como son o Teatro Principal e/ou os que o concello de Santiago poida determinar no marco do proxecto.

A empresa adxudicataria poderá proporcionar medios materiais e tecnolóxicos necesarios para a xestión do servizo no caso de que os espazos non contén con todos os recursos precisos, de carácter móbil e adaptable.

A entidade adxudicataria deberá prestar a debida colaboración e coordinación coa concellaría de centros socioculturais no desenvolvemento das actividades e para calquera xestión de comunicación con outros espazos manterá a correspondente liña de identificación municipal do proxecto.

5.2 PRESTACIÓNS

As demandas e funcións que a concellería de centros socioculturais do concello de Santiago esixe ao servizo de xestión, se encandran nos seguintes ámbitos de actuación

- o Relación cos participantes das actividades de teatro
 - Control de asistencia
 - Rexistro de incidencias

- o Seguemento e control das actividades
 - Xestión de incidencias
 - Confección e actualización do censo de usuarios

- o Comunicación cos usuarios
 - Individualmente con cada usuario ou grupo

5.3. ACTIVIDADES

- o Configuración da programación de actividades
 - Propostas de iniciativas de actuación
 - Interlocución cos usuarios
 - Apoio técnico e persoal en actividades e eventos organizados
 - Xestión técnica dos eventos e actividades
- o Supervisión das actividades e xestión de posibles incidencias

5.4. RELACIÓN COA CONCELLERÍA DE CENTROS SOCIOCULTURAI

Xuntanza trimestral coa concellería de centros socioculturais á que deberá asistir a persoa responsable designada pola empresa para exercer a interlocución coa administración e na que se deberá achegar:

- Reporte trimestral de programación e actividades.
- Reporte trimestral de asistencia a actividades.

- Informe sobre valoración da programación desenvolvida por parte dos participantes.
- Incidencias.
- Entrega de suxestións, queixas e propostas dos usuarios.
- Proposta trimestral da programación de actividades indicando duración, número de horas, número de participantes:
 - Entrega dunha memoria da actividade realizada ao finalizar o curso sociocultural.
 - Entrega da memoria da actividade evento "Mostra de teatro" no Principal/mes de xuño

Con respecto á programación proposta por parte da empresa adxudicataria, esta programación debe ser aprobada pola concellería de centros socioculturais, debendo realizar as modificacións na mesma, que dende a dita Concellería se consideren oportunas.

5.5. DESTINATARIOS


Os destinatarios son os cidadáns de Santiago de Compostela, con inquiredanzas artísticas, culturais, formativas, etc atendendo ás características das idades dos grupos ofertados.

5.6. HORAS DO SERVIZO

A prestación do servizo desenvolverase durante o período do curso sociocultural, de outubro a xuño de cada ano preferentemente, podendo ter lugar as actividades o resto do ano sempre previo aviso da Concellería.

OUTUBRO A DECEMBRO 2019

PROXECTO	CENTRO SOCIOCULTURAL E GRUPO	DÍAS/SEM	HORAS	SEMANAS	PARTICIPANTES MÍNIMOS	HORAS TOTAIS
TEATRO DE BARRIO	A Rocha – adultos	1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
	Castiñeiriño – infantil	1	1	13	7 participantes	13
	Conxo – infantil (2 grupos)	1	1	13	7 participantes	26
	Conxo – mozos	1	1	13	7 participantes	13
	Fontiñas – adultos	1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
	Fontiñas - infantil	1	1	13	7 participantes	13
	Marrozos – infantil	1	1	13	7 participantes	13
	O Ensanche - infantil	1	1	13	7 participantes	13
	Romaño - adultos	1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5



Romaño - infantil	1	1	13	7 participantes	13
O Ensanche - adultos	1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
Santa Marta - adultos	1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
Santa Marta - infantil	1	1	13	7 participantes	13
Vite - adultos	1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
Total horas					234

XANEIRO – XUÑO 2020

PROXECTO	CENTRO CÍVICO E GRUPO	E DIAS/SEM	HORAS	SEMANAS	PARTICIPANTES MINIMOS	HORAS TOTAIS
TEATRO DE BARRIO	A Rocha – adultos	1	1h 30 min	26	7 participantes	39
	Castiñeiriño – infantil	1	1	26	7 participantes	26
	Conxo – infantil (2 grupos)	1	1	26	7 participantes	52
	Conxo – mozos	1	1	26	7 participantes	26
	Fontiñas – adultos	1	1h 30 min	26	7 participantes	39
	Fontiñas - infantil	1	1	26	7 participantes	26
	Marrozos – infantil	1	1	26	7 participantes	26
	O Ensanche - infantil	1	1	26	7 participantes	26
	Romaño - adultos	1	1h 30 min	26	7 participantes	39
	Romaño - infantil	1	1	26	7 participantes	26
	O Ensanche - adultos	1	1h 30 min	26	7 participantes	39
	Santa Marta - adultos	1	1h 30 min	26	7 participantes	39
	Santa Marta- infantil	1	1	26	7 participantes	26
Vite - adultos	1	1h 30 min	26	7 participantes	39	
Total horas						468

VI MOSTRA DE TEATRO ANO 2020

PROXECTO	CENTRO CÍVICO E GRUPO	DIAS/SEM	HORAS	SEMANAS	PARTICIPANTES MINIMOS	HORAS TOTAIS
VI MOSTRA DE TEATRO	50 horas de coordinación					50
	133 horas de Monitorado					133
Total horas						183


En caso de prórroga

OUTUBRO - DECEMBRO 2020

PROXECTO	CENTRO CÍVICO	GRUPO	DÍAS/SEM	HORAS	SEMANAS	PARTICIPANTES MÍNIMOS	HORAS TOTAIS
TEATRO DE BARRIO	A Rocha – adultos		1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
	Castiñeiriño – infantil		1	1	13	7 participantes	13
	Conxo – infantil (2 grupos)		1	1	13	7 participantes	26
	Conxo – mozos		1	1	13	7 participantes	13
	Fontiñas – adultos		1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
	Fontiñas - infantil		1	1	13	7 participantes	13
	Marrozos – infantil		1	1	13	7 participantes	13
	O Ensanche - infantil		1	1	13	7 participantes	13
	Romaño - adultos		1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
	Romaño - infantil		1	1	13	7 participantes	13
	O Ensanche - adultos		1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
	Santa Marta - adultos		1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
	Santa Marta - infantil		1		13	7 participantes	13
	Vite - adultos		1	1h 30 min	13	7 participantes	19,5
Total horas							234

XANEIRO – XUÑO 2021

PROXECTO	CENTRO CÍVICO	GRUPO	DÍAS/SEM	HORAS	SEMANAS	PARTICIPANTES MÍNIMOS	HORAS TOTAIS
TEATRO DE BARRIO	A Rocha – adultos		1	1h 30 min	26	7 participantes	39
	Castiñeiriño – infantil		1	1	26	7 participantes	26
	Conxo – infantil (2 grupos)		1	1	26	7 participantes	52
	Conxo – mozos		1	1	26	7 participantes	26
	Fontiñas – adultos		1	1h 30 min	26	7 participantes	39
	Fontiñas - infantil		1	1	26	7 participantes	26
	Marrozos – infantil		1	1	26	7 participantes	26
	O Ensanche - infantil		1	1	26	7 participantes	26
	Romaño - adultos		1	1h 30 min	26	7 participantes	39



Romaño - infantil	1	1	26	7 participantes	26
O Ensanche - adultos	1	1h 30 min	26	7 participantes	39
Santa Marta - adultos	1	1h 30 min	26	7 participantes	39
Santa Marta- infantil	1	1	26	7 participantes	26
Vite - adultos	1	1h 30 min	26	7 participantes	39
Total horas					458

VII MOSTRA DE TEATRO ANO 2020

PROXECTO	CENTRO CÍVICO E GRUPO	DÍAS/SEM	HORAS	SEMANAS	PARTICIPANTES MÍNIMOS	HORAS TOTAIS
VII MOSTRA DE TEATRO	50 horas de coordinación					50
	133 horas de Monitorado					133
Total horas						183

Os cadros arriba expostos servirán de referencia para o adxudicatario, sendo susceptibles de cambios derivados da programación da Concellería, de festivos locais, autonómicos ou nacionais ou por mor de calquera circunstancia allea á vontade das partes. No caso de que o servizo non poida ser atendido por calquera circunstancia, creárase unha bolsa de horas que se porá a disposición da Concellería para o seu consumo previa concertación co adxudicatario.

6.- RECURSOS DO SERVIZO

Para o desenvolvemento do servizo a empresa adxudicataria contará cos espazos dispostos nos centros socioculturais (salas multiusos, salóns de actos, sala Agustín Magan) que se dotarán de ser necesario a cargo da empresa adxudicataria, dos elementos complementarios que poideran requirirse e que non existan neles, para os eventos puntuais.

E obxectivo do servizo obter unha diagnose da situación dos espazos escénicos e as necesidades para poder abordalas paulatinamente.

A empresa adxudicataria terá que demostrar os seguintes aspectos a valorar por parte da Administración:

- Experiencia docente relacionada co teatro.
- Experiencia en labores similares ás requeridas.
- Experiencia no traballo con grupos.
 - Experiencia en traballos socioculturais vinculados co ámbito teatro:
 - Titulación relacionada coa ensinanza do teatro.
 - Materiais que poida ofertar para dotación de espazos escénicos.

7.- RISCO E VENTURA, E RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA. COBERTURA DE RISCOS

O contrato executarase a risco e ventura do adxudicatario, que asumirá a responsabilidade civil, laboral e fiscal que derive da prestación do servizo.

No que se refire á responsabilidade civil, o contratista asumirá a plena responsabilidade por danos e perdas que lle causen a calquera persoa física e xurídica, que sexa consecuencia directa ou indirecta do exercicio do contrato ou do seu incumprimento, garantindo en todo caso que queden cubertas as responsabilidades orixinadas polas accións e omisións do persoal respecto a terceiros.

8.-SEGUROS

O adxudicatario subscribirá ao seu cargo e manterá en vigor durante a vixencia da prestación do servizo e ata a súa completa finalización, un programa de seguros entendéndose que os montantes dos mesmos nunca serán inferiores aos obrigatorios segundo as leis e normas vixentes e que o mantemento de tales seguros non variará ningunha das obrigacións de indemnización establecida polo Contrato.

Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, cun límite mínimo de 1.200.000€ por sinistro e ano, para dar resposta a calquera incidente derivado polas funcións e cometidos que se definen neste prego e cuxas garantías mínimas a cumprir serán as seguintes:

- a) Responsabilidade Civil de Explotación.
- b) Responsabilidade Civil Subsidiaria de contratistas/subcontratistas (en caso de subcontratación do servizo).
- c) Responsabilidade Civil Locativa cun sublímite que nunca poderá ser inferior a 300.000€.
- d) Defensa Xurídica e Fianza.

O seguro deberá prestar cobertura polos danos acontecidos e reclamados durante todo o período da execución dos servizos ata a conclusión dos mesmos e por os danos acontecidos durante este período de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da finalización do obxecto do contrato.

Seguro de Accidentes, de carácter innominado, para un volume estimado de 500 participantes, e que garanta as seguintes coberturas para os participantes no evento, no suposto dun accidente deportivo:

- a) Morte por accidente: 6.000 EUR.
- b) Invalidez por accidente: 6.000 EUR.
- c) Asistencia sanitaria ilimitada por accidente en centros concertados (obrigatorio que existan centros concertados na propia cidade)
- d) Asistencia sanitaria en centros de libre elección: 600 EUR.

Cinco días antes do comezo do servizo, o Concello de Santiago de Compostela disporá de copia das pólizas finalmente subscritas e firmadas pola Aseguradora para cubrir os riscos descritos e co

correspondente recibo liquidado.

En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexan por aplicación de franquías ou outro tipo de descuberto dos seguros contratados, deberá ser soportada polo adxudicatario.

9.-CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Unha vez adxudicado o servizo, a empresa queda expresamente obrigada á prestación deste servizo baixo as cláusulas de segredo profesional.

Será necesario que o adxudicatario mantexa absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que pudiera coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar con fin distinto ao que figura neste documento, quedando obrigado ao cumprimento da legislación vixente en material de protección de datos de carácter persoal en todo o que sexa de aplicación como resultado desta contratación, conforme ao disposto nas normas existentes.

En caso de incumprimento do estipulado, a empresa contratante e o persoal contratado serán responsables das infraccións que se deriven do mesmo.

10.- DIRECCIÓN, CONTROL E SUPERVISIÓN

As facultades de dirección, control e supervisión de todo o proceso, correspóndelle á concellería de centros socioculturais do concello de Santiago, podendo propoñer cambios na xestión do servizo se estes non resultaran idóneos para a prestación do mesmo.

11.- RESPONSABILIDADE E OBRIGAS XERAIS DO CONTRATISTA

O contratista terá as seguintes obrigas:

Obrigas xerais:

1. Realizar a actividade obxecto do contrato, con exclusión de calquera outra, conforme ás disposicións dos pregos e demais normativa de aplicación.
2. Prestar o servizo o número de horas fixado de maneira continua e regulada.
3. De conformidade coa Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia, a Lei 5/1988, de 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, e o Regulamento do

Uso do Galego na Administración Municipal de Santiago de Compostela, a contratista deberá, durante a prestación do servizo, presentar a documentación en galego e desenvolver todas as actuacións internas e externas, propias do servizo, en lingua galega. Non obstante, nas súas relacións coa cidadanía empregará a lingua oficial que, de ser o caso, se lles solicite por estes, de acordo coa lexislación procedimental común.

4. A empresa adxudicataria do contrato deberá garantir a súa capacidade e experiencia.
5. O adxudicatario ten a obriga de achegar os curriculums e demais documentación que acredite e xustifique a valoración académica e formativa e de experiencia laboral do persoal implicado no servizo.
6. Estar ao corrente, en todo momento, das obrigas tributarias, laborais e da seguridade social, seguridade e hixiene no traballo, sanitarias, e calquera outra que a normativa vixente esixa para o exercicio da actividade que se presta. Quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este incumprimento.
7. Durante a prestación do servizo e dos traballos e/ou actividades complementarias necesarias para a realización deste, o contratista será responsable de todos os danos e prexuízos, directos e indirectos, que se poidan ocasionar a calquera persoa, propiedade ou servizo público e/ou privado, como consecuencia de actos, omisións ou negligencia do persoal ao seu cargo ou dunha deficiente organización do traballo.
8. Indemnizar a terceiros e ao Concello polos danos e perdas que ocasionará a execución do contrato, segundo o precisado no art. 4 destes pregos.
9. Deberá gravar as mostras de teatro e entregar á Concellería un documento gráfico debidamente editado para a súa difusión e arquivo. No caso de captación de imaxes das actividades para a difusión por redes sociais do servizo ou outro cometido, atenderá ao protocolo de actuación que se lle indicará dende a concellería de centros socioculturais para a debida protección dos datos de carácter persoal.
10. Achegar toda a documentación e información que lle sexa requirida polo Concello no prazo que sinala que se estableza.
11. Presentar, conforme a proposta técnica achegada, como mínimo un informe trimestral de xestión onde se especifiquen os usos, actividades desenvolvidas, etc, e un informe de avaliación ao finalizar o curso sociocultural
12. Facer cumprir as normas de participación nas actividades dos centros socioculturais, vixentes en cada momento.
13. Poñer en coñecemento do Concello cantas actuacións ou incidencias poidan producirse no equipamento obxecto dos servizos que puideran ser contrarias ao seu normal destino.
14. Deberá exercer por sí o contrato, sen que poida cedelo sen autorización previa do Concello.
15. Non poderá gravar, arrendar, subarrendar, nin allear os bens mobles ou inmobles afectos aos servizos.
16. Deberá abandonar o local obxecto do contrato así como os bens afectos aos servizos, a disposición do Concello, en perfecto estado de funcionamento e uso unha vez se produza a extinción do contrato por calquera causa.

17. Atender calquera requirimento de información e documentación no prazo máximo de dez días, agás se o Concello autoriza un maior á vista da entidade do requerido ou a petición do adxudicatario.

18. Deberá repoñer a garantía definitiva en caso de que se fagan efectivas penalidades nela no prazo de quince días naturais.

19. Gardar confidencialidade respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e dos que teña coñecemento con ocasión deste.

20. Calquera outra obriga que se estableza na normativa vixente ou nestes pregos.

21. As baixas, permisos e licenzas do persoal da empresa contratante por calquera motivo ou circunstancia que se teña que cubrir por outro persoal, correrán exclusivamente a cargo do contratista, de maneira que, en cada momento da prestación do servizo, non puidera quedar reducida a dotación mínima de persoal do contrato establecida nestes pregos. En caso de que a disposición non poda ser inmediata, as horas non cubertas quedarán en carencia a favor da concellería de centros socioculturais quen disporá delas para programalas segundo determine.


22. O contratista, na súa condición de empresario, será o único responsable do persoal adscrito ao servizo obxecto do contrato do cumprimento da lexislación que regula as relacións laborais, a Seguridade Social e a prevención de riscos laborais, e fiscais.

23. As persoas que o contratista destine á execución do contrato non terán vinculación laboral ou de ningún outro tipo co Concello, debendo ser contratados polo adxudicatario en réxime ou na modalidade que legalmente corresponda. E debendo, o contratista, facer constar no contrato de traballo que subscriba expresamente esta circunstancia para o traballador/a

24. Correrán a conta do adxudicatario o gasto do persoal empregado (incluído os que poidan orixinarse pola extinción do contrato), incluída á cotización á Seguridade Social, así como primas de seguros, e demais gastos propios da explotación. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito algún polo referido persoal en relación coa administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencias das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados/as, aínda no suposto en que os despedimentos ou medidas que a entidade/empresa adopte, se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019

Tecnica de centros socioculturais



Guadalupe Rodríguez Silva